

**I. DISPOSICIÓNS XERAIS****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Corrección de erros.-Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas.*

Advertidos erros no devandito decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 67, do mércores, 4 de abril de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

No artigo 7.3, páxina 5.374, onde di: «3. Co obxecto de facilitar a planificación da oferta anual de cursos, a presentación das solicitudes para a autorización de entidades farase nos tres primeiros meses do ano».

Debe dicir:

«3. Co obxecto de facilitar a planificación da oferta anual de cursos, a presentación das solicitudes para a autorización de entidades farase nos seis primeiros meses do ano».

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****a) CESAMENTOS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Decreto 104/2007, do 7 de xuño, polo que se dispón que cese Jacinto Parga Fernández como delegado provincial da Coruña.*

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34º.2º da Lei de Galicia 1/1993, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de xuño de dous mil sete,

**DISPOÑO:**

Que cese, Jacinto Parga Fernández como delegado provincial da Coruña da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por pase a outro destino.

Santiago de Compostela, sete de xuño de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

**b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Decreto 105/2007, do 7 de xuño, polo que se nomea presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia a Jacinto Parga Fernández.*

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34º.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e no artigo 6.2º da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xuño de dous mil sete,

Nomeo presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia a Jacinto Parga Fernández.

Santiago de Compostela, sete de xuño de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Resolución do 29 de maio de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se publica a relación definitiva de aprobados nas probas para a habilitación de tradutores e intérpretes xurados do galego para outras linguas, e viceversa (Diario Oficial de Galicia, número 9, do 12 de xaneiro).*

Vista a proposta formulada polo tribunal nomeado para a realización da probas para a habilitación de tradutores e intérpretes xurados e, de acordo coas competencias delegadas polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no artigo 7 das bases da convocatoria, resolvo considerar aptos os seguintes aspirantes:

1. Para a tradución xurada galego-castelán:

-Docampo Pereira, Manuel.

-Fernández Rodríguez, Xan Carlos.

-Iglesias Fernández, José.

-López López, Javier.

2. Para a interpretación xurada galego-castelán.

-Docampo Pereira, Manuel.

Segundo o previsto na base 8 da convocatoria, os aspirantes aptos poderán solicitar o seu nomeamento como tradutores e/ou intérpretes xurados e a expedición do carné, unha vez aboada a taxa correspondente.